



FEDERACION GALEGA
DE AUTOMOBILISMO
E-Mail: fga@fga.es
http://www.fga.es
Tlfo: 988 272 841 - Fax: 988 271 461
Ctra. de Vigo, 43 Baixo - O Pino
32001 OURENSE



Comunicado nº 088/17

20 de abril de 2017

❑ ASOCIACIÓN DEPORTE “DE BASE” DO AUTOMOBILISMO DE GALICIA.

Ante a necesidade imperiosa da reivindicación da defensa do “**automobilismo de base**”, na Comunidade Galega, para protexelas escuderías, oficiais, e deportistas. Dende a “Federación Galega de Automobilismo” apoiase a iniciativa para que as institucións públicas e privadas teñan a debida consideración no eido do reparto de subvencións, esponsorizacións, ou nas tan desexadas instalacións deportivas de mantemento ou de nova construción. Por iso é necesaria a creación dunha nova **Asociación** totalmente reivindicativa, imparcial, participativa, e apolítica na que só primará o interese das “**escuderías de base**”, “**oficiais de base**”, e “**deportistas de base**” de Galicia; a xustiza social, e loitar polo recoñecemento axeitado dos servizos que se prestan á sociedade Galega que non sempre son recoñecidos na súa xusta medida.

Por iso a Federación pon a disposición das escuderías, oficiais, e deportistas o boletín de afiliación, gratuíto, en beneficio do deporte (escuderías, oficiais, e deportistas) “**de base**” de Galicia.

A iniciativa é para canalizar a través da Asesoría Xurídica da Federación, as solicitudes e reivindicacións, feitas por unha Asociación regrada e dada de alta no Rexistro de Asociacións en Vicepresidencia, e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, da Xunta de Galicia.

**Asesoría Xurídica da
Federación Galega de Automobilismo.**

* [Para baixala folla de inscrición gratuíta, pincha enriba.](#)

* [Para baixalos estatutos, pincha enriba.](#)